



# CIRCULAR 230

INFORMATIVA

MAIO / XUÑO 2011

XVI XORNADAS DA SECCIÓN  
DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

II XORNADAS GALEGAS DE PSICOLOXÍA  
DO TRÁFICO E SEGURIDADE

II XORNADA DE INTERVENCIÓN SOCIAL  
E TERCEIRO SECTOR

## XUNTA DE GOBERNO



**Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



**Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



**Concepción Fernández Fernández**

Secretaria



**Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



**Miguel A. Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos



**José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



**Ana Mª Feira Nogareda**

Vogal / Vogalía do Social



**Antonio González Fernández**

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



**Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



**Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora da Comisión de Traballo de Tráfico e Seguridade



**José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



**Mª Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



**Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Vogalía de Formación

### PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 231 de xullo/agosto de 2011,  
e sairá a principios do mes de setembro de 2011.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de agosto de 2011, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos terán que empezar a partir de outubro de 2011 inclusive.

5	<b>Información Xeral</b>
15	<b>Información das Seccións</b>
23	<b>Grupo de Tráfico e Seguridade</b>
26	<b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>
27	<b>Últimos colexiados/as de Galicia</b>
28	<b>Cursos, xornadas e congresos</b>

## Editorial

---

Ao longo da andadura colexial, as distintas Xuntas de Goberno do COPG reiteraron a existencia de necesidades e demandas que evidencian a presenza de psicólogos e psicólogas expertas en Recursos Humanos nas organizacións e institucións tanto públicas como privadas. Neste sentido, desde a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG púxose especial interese en crear escenarios de discusión a través de foros, sesións técnicas e encontros para que as e os profesionais perfilasen os distintos ámbitos de actuación e poñer en valor as distintas prácticas e políticas que desde a Psicoloxía se teñen aportado á xestión do activo humano nas organizacións e contextos laborais. Ao mesmo tempo, entendeuse que a cualificación é un dos piares básicos para dispor de expertos e expertas e así demandar da Administración a creación e incremento de prazas nos seus servizos á poboación.

Ninguén pon en discusión que a planificación e xestión do capital humano é decisivo en todas e cada unha das áreas funcionais que comprende a estrutura dunha organización ou da mesma Administración pública; tampouco se pon en dúbida que as e os profesionais con tal misión, contribúen á formación e sostemento de vantaxes competitivas e que estas poden ser sostidas a longo prazo a través de programas e accións que teñen como referentes a innovación, creatividade, flexibilidade, adquisición de competencias e mellora continua. Aspectos estes, encamiñados a xerar calidade de vida laboral e benestar na cidadanía.

Sabemos, e dicíamos en distintos foros, que os cambios, sexan estes sociais, económicos ou tecnolóxicos, van ineludiblemente acompañados de novas maneiras de entender a realidade, o contorno, novos valores ou distintos aspectos vinculados a circunstancias da vida cotiá, profesional e laboral. De aí que a figura do psicólogo ou psicóloga do traballo, organizacións e recursos humanos goza dunha posición de privilexio para acometer as distintas áreas de intervención relacionadas coa selección, avaliación e orientación de persoal, a súa formación e desenvolvemento ou outras que atinxen ás condicións de traballo e saúde, integración laboral, asesoramento, desempeño e rendemento, adquisición de competencias, calidade e investigación. Así, nun contexto laboral tan marcado polos cambios, onde as organizacións son conscientes de que deben atender axeitadamente o seu compoñente humano, debemos insistir na importancia que adquiriu a figura da e do profesional da Psicoloxía como técnico de orientación laboral para desenvolver as súas funcións cos demandantes de emprego, aínda que a Administración non contempla a nosa titulación para o desempeño das funcións de “promotor/a de emprego”. Reivindicamos o noso espazo profesional para realizar atención personalizada ás persoas desempregadas, información ás empresas e prospección do mercado e seguimento das actuacións realizadas polas persoas desempregadas e as empresas.

Por último, debemos sinalar a aposta de futuro que nos ofrece a recente creación da División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos para unificar a nivel estatal o ámbito profesional co obxectivo de coordinar, integrar e desenvolver as actividades científico-profesionais. A División non solo desempeñará a función de asesoramento ante os diferentes órganos de goberno do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos ou potenciará a proxección pública da profesión, senón que tamén ten como obxectivo establecer criterios e desenvolver procedementos de acreditación das e dos profesionais. Pola súa capacidade e versatilidade os/as profesionais de PTO terán unha especial presenza ante os retos que ofrecen os novos escenarios socioeconómicos e laborais; en consonancia ha orientar a súa actuación a partir da boa praxe acorde cos principios e valores do Código Deontolóxico. Esa é a mellor aposta de futuro e de recoñecemento.

## Relacións institucionais

---

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiron ao debate parlamentario sobre o Proxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, que se levou a cabo o 26 de abril no Parlamento de Galicia.



De esquerda a dereita Olegaria Mosqueda Bueno e M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

---



Eva Muíño Gómez

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron o 28 de abril a unha reunión co Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública da Xunta de Galicia, José Carlos García Bouzas, co fin de presentar o labor que desenvolve o COPG en materia de seguridade viaria e abordar a posibilidade de levar a cabo colaboracións neste eido entre ambas institucións.

---



Miguel A. Chouza Ponte

O Tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, xunto coa Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron a unha reunión co Xefe de Sector da Agrupación de Tráfico da Garda Civil en Galicia, Tenente Coronel José Hermida Blanco. En dita reunión, que

tivo lugar o 25 de maio na Coruña, presentouse o traballo que está a desenvolver o COPG en materia de tráfico e seguridade viaria.

---

A Presidenta da Sección de Psicología Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, mantivo unha reunión coa Decana da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela, Carolina Tinajero Vacas, e co Director do Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación da citada Facultade, Arturo J. Pereiro Rozas, celebrada o 31 de maio en Santiago de Compostela co fin de abordar o traballo conxunto que desde ambas institucións se deberá levar a cabo para presentar proxectos, formación e perfil profesional axeitado ás necesidades educativas e sociais que se plantexan na actualidade.

---



Olegaria Mosqueda Bueno

## En representación do Colexio

---

A representante do COPG no Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo, Isolina Rodríguez López, asistiu á reunión de presentación de datos de servizos sociais na provincia de Lugo, convocada pola Vicepresidencia 3ª da Deputación Provincial de Lugo e celebrada o 29 de abril.

---



Concha Rodríguez Pérez

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concha Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do consello do Foro Social Galego que tivo lugar en Santiago de Compostela o 30 de abril.

---

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, participou o 11 de maio e o 15 de xuño en senllas reunións do Grupo de Apoio Local do Proxecto europeo WEED Muller, Empresa e Emprego no Desenvolvemento Local, no que participa o Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Promoción Económica e do que o Colexio Oficial de Psicología de Galicia forma parte desde a súa constitución no ano 2008.

---



Mª Rosa Álvarez Prada

O psicólogo habilitado do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do COPG, José Vicente Martínez-Romero Gandos, presentou unha comunicación sobre o citado Programa ao abeiro do Congreso Arxentino de Saúde Mental organizado pola Asociación Arxentina de Saúde Mental e celebrado en Bos Aires (Arxentina) entre o 19 e o 21 de maio.

---

O psicólogo habilitado do Programa de Abramos o Círculo do COPG, Carlos Domínguez Robledo, participou nunha xornada celebrada o 10 de xuño sobre violencia de xénero organizada polo Centro de Información á Muller do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) na que se presentou o traballo desenvolvido polo Programa.

---

## O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

A Presidenta da Sección de Psicología Xurídica do COPG, Carmen Morell Muñoz, asistiu ao VI Congreso Nacional de Psicología Xurídica, organizado pola Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense e que tivo lugar en Palma de Mallorca do 27 ao 30 de abril. Tamén asistiu á Coordinadora da Área de Psicología Xurídica, que se celebrou en Palma de Mallorca o 29 de abril.

---

A Coordinadora da Comisión de Psicología do Deporte do COPG, M<sup>a</sup> Dolores González Fernández, participou nas Xornadas Nacionais de Psicología do Deporte, celebradas en Valencia os días 29 e 30 de abril. Asemade, asistiu á reunión da Área de Psicología da Actividade Física e o Deporte, que tivo lugar o 30 de abril en Valencia.

---

A Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu á Coordinadora da Área de Psicología da Intervención Social, que se celebrou en Madrid o 7 de maio.

---

O Vicepresidente da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, David Facal Mayo, asistiu á Reunión do Grupo de Traballo de Psicología do envellecemento, que tivo lugar en Madrid o 27 de maio.

---



David Facal Mayo

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu en calidade de invitada á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou o 28 de maio en Madrid.

---

A Coordinadora do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á Reunión do Grupo de Traballo de Psicología da Intervención en Emerxencias e Catástrofes, que se celebrou en Madrid o 10 de xuño.

---



Ana Isabel Martínez Arranz

A Presidenta da Sección de Psicología Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiu á Coordinadora da Área de Psicología Educativa, que se celebrou en Madrid o 17 de xuño.

---

	<b>PSICOESTUDIO KARMA</b> Telf: 986 295 621 Telf: 986 471 439 Aptdo. de Correos 1621 Vigo e-mail: <a href="mailto:psicoestudio@psicoestudio.com">psicoestudio@psicoestudio.com</a> <a href="http://www.formacioncambiovigo.com">www.formacioncambiovigo.com</a>	<b>equipo de formación e supervisión:</b> José Manuel Gortázar Alonso Celia Cameselle Taboada José Antonio Muñiz Torrado Manuel Lopo Lago
	<b>Grupos reducidos</b> <b>Seminarios con especialistas</b> <b>Prácticas in vivo supervisadas</b> <b>Horarios e contidos adaptados</b> <b>ao alumno/a ou profesional interesado/a</b>	<b>colaboradores asociados:</b> Emilio Gutiérrez García (Unidade Venres Clínico Universidade Santiago de Compostela) José Luis Rodríguez-Arias Palomo (Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

PUBLICIDADE



# Achegas da Psicoloxía 2011

O sábado 7 de maio tivo lugar no Domus da Coruña o encontro ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2011, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ao que asistiron preto dun cento de psicólogas e psicólogos de toda Galicia.

Tras a homenaxe ás compañeiras e compañeiros de profesión que cumpren 25 anos de colexiación, fíxose entrega do premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade*, que distingue á persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da Psicoloxía. Este ano outorgouse o galardón á Asociación pola Recuperación de Memoria Histórica, por contar desde hai anos entre o seu equipo de colaboradores



Arriba: Momento da entrega do premio  
Abaixo: Momento do acto e actuación de Limagoia

con profesionais da Psicoloxía que contribúen a axudar ás familias a pechar dós e procesos traumáticos abertos durante máis de 70 anos.

En representación da Asociación galardoada, Carmen García-Rodeja Arribi manifestou o seu agradecemento cunhas sentidas verbas.

No acto acompañounos o Grupo de Pandereteiras Limagoia de Negreira.

## Nova Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG

A Xunta de Goberno do COPG acordou, na súa xuntanza do 6 de maio, designar a Concha Rodríguez Pérez, Vogal da Xunta de Goberno do COPG, como nova coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.

Queremos manifestar a Concha Fernández Fernández, o noso agradecemento polo labor que, desde o establecemento da Comisión en 2006, veu desenvolvendo na coordinación da mesma.



Concha Rodríguez Pérez

## Proxecto europeo “Time And Cares” da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deu a benvinda ao proxecto europeo “Time and Cares” de GRUNDTVIG, do que forma parte a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria xunto con outras entidades de Francia, Bélxica, Grecia e Italia, co fin de afondar en sistemas de axuda á persoa coidadora de maiores dependentes. Dito grupo, formado por profesionais deste ámbito, desenvolveu unha reunión de traballo na sede do COPG o 6 de xuño.

## Información sobre autorización de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios

Coa entrada en vigor da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, a partir do 30 de abril de 2011 poden exercer actividades sanitarias, aqueles psicólogos e psicólogas que acrediten ter adquirido unha formación específica a través dalgunha das seguintes vías:

- a) Por ter superado os estudos de graduado/licenciado, seguindo un itinerario curricular cualificado pola súa vinculación coa área docente de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, ou coa Psicoloxía Clínica e da Saúde.
- b) Por ter adquirido unha formación complementaria de posgrao non inferior a 400 horas (ou o seu equivalente en créditos europeos), das que ao menos 100 horas terán que ser de carácter privado, vinculadas ás áreas mencionadas no apartado anterior.

Para o exercicio de actividades sanitarias compre xestionar na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a autorización de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios. Pódense consultar os requisitos para a solicitude da autorización no seguinte enlace:

[www.xunta.es/apps/gdp/showFile.do?codCons=SA&codProc=101J](http://www.xunta.es/apps/gdp/showFile.do?codCons=SA&codProc=101J)

## Participación nun estudo sobre A Migraña

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica presentou no COPG o estudo sobre a migraña ou xaqueca que está a desenvolver xunto coa Universidade de Santiago de Compostela. Para este estudo necesitan persoas con dor de cabeza que estean interesadas en participar. A finalidade do estudo é saber se existen variacións xenéticas que inflúan en que funcione ou non o medicamento do tratamento prescrito.

As persoas interesadas en participar no estudo deberán contactar coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica no teléfono 981-563100 Ext. 13873 ou ben no enderezo electrónico: estudiocefaeas@gmail.com para concertar cita nalgunha das tres consultas que están funcionando en Pontevedra, Santiago de Compostela e A Coruña.

## Contratación de promotoras e promotores de emprego por parte da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia remitiu senllos escritos á Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Beatriz Mato Otero, e á Secretaría Xeral Técnica da citada Consellería, Cristina Ortiz Dorda, en relación á inminente contratación de promotores e promotoras en emprego que desde esa Consellería se vai levar a cabo. Nestes escritos o COPG transmitía unha serie de consideracións profesionais e sociais ao respecto.

A contratación de “Promotores/as de Emprego” vén regulada polo RD 13/2010 publicado no BOE do 3 de decembro de 2010. Por unha banda no artigo 15 especifica *“Co fin de reforzar a atención ás persoas demandantes de emprego e as empresas que ofertan emprego”* e máis adiante no artigo 17 fai referencia que *“as persoas realizarán atención directa e personalizada ás persoas desempregadas, información ás empresas e prospección do mercado no seu entorno e seguimento das actuacións realizadas polas persoas desempregadas e as empresas”*.

Desde o COPG considérase que un servizo dirixido a traballar con demandantes de emprego cuxo obxectivo é dotar ao cidadán/cidadá de recursos persoais e profesionais para saír da situación de desemprego, ten que ser desenvolvido por un/unha profesional con formación e experiencia en temas de aprendizaxe, psicoloxía do desenvolvemento, psicoloxía da personalidade, interacción social, psicoloxía de grupos, técnicas de

## AVISOS

### Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

### Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

avaliación, motivación e xestión e desenvolvemento dos recursos humanos, materias todas incluídas no ámbito da psicoloxía. Tamén han contar con competencias no campo da intervención psicosocial.

Este ou esta profesional ten que coñecer e saber abordar as consecuencias psicosociais da situación de desemprego así como saber traballar con todo tipo de usuarias e usuarios, desde potencialmente empregables a persoas pertencentes ao colectivo de difícil inserción no que están incluídas vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, etc.

Polo tanto desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia considérase que este profesional ha posuír un perfil psicosocial que utilice unha metodoloxía científica e laboral procedente da psicoloxía.

## Medios de Comunicación

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- Comunicado “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reivindica a funcionarización dos psicólogos e psicólogas dos Servizos Sociais da Xunta de Galicia”. 25 de abril.
- Comunicado pola celebración do acto “Achegas da Psicoloxía 2011”. 6 de maio.
- Comunicado pola celebración do “Curso Teórico-Práctico de Avaliación da Personalidade a través do MMPI-2”. 19 de maio.
- Comunicado pola contratación de Promotores e Promotoras de Emprego da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. 30 de maio.
- Comunicado pola celebración das “II Xornadas sobre Intervención Social e Terceiro Sector”. 17 de xuño.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

- ❑ Radio Voz, o 26 de abril, sobre a funcionarización dos psicólogos e psicólogas que traballan nos Servizos Sociais da Xunta de Galicia. José Manuel Oreiro Blanco, Vogal da Xunta de Goberno do COPG.
- ❑ Radio Galega, o 3 de maio, sobre a negociación con secuestradores. Ana Izquierdo Galante, Tesoureira da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.
- ❑ Xornal de Galicia, o 8 de maio, sobre o acoso escolar. M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo Vila, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- ❑ El Progreso, o 28 de maio sobre o maltrato en menores. Carmen Morell Muñoz, Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.
- ❑ V Televisión, o 16 de xuño, sobre as II Xornadas sobre Intervención Social e Terceiro Sector. David Facal Mayo, Vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG e coordinador das Xornadas.
- ❑ Cadena Ser, o 18 de xuño, sobre a situación actual da Psicoloxía. M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG.

## AVISO

---

**Desde o pasado 1 de xullo de 2011** unicamente se enviarán as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Para axilizar o proceso, envíanos canto antes o teu enderezo electrónico. No caso de que non dispoñas de conta de correo electrónico, se o desexas o COPG pode facilitarche unha aloxada no propio servidor do Colexio.

Máis información no apartado de novas da páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)

## INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.

**De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.**



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

### Curso de avaliación de personalidade

Os días 20 e 21 de maio tivo lugar na sede do COPG o **Curso Teórico-práctico de avaliación da personalidade a través do MMPI-2**. Foi impartido por **M. José Veiga Candán**, Psicóloga Clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, e coordinado por **Ignacio Dopico González**, membro da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica do Colexio.

No transcurso do curso realizouse unha exposición teórica seguida do análise de casos clínicos, promovendo a participación dos/as asistentes ao mesmo. O obxectivo do curso foi profundizar no estudo do cuestionario de personalidade MMPI-2, desenvolvendo os principios teóricos xerais, así como a súa aplicación e interpretación a través de casos clínicos concretos.



Momento do Curso

## Formación

Dado o interese e a boa acollida do Curso “Formación en neuropsicoloxía: Demencias” celebrado no pasado mes de febreiro, repetirémolo o vindeiro 9 e 10 de setembro en Santiago de Compostela. Será impartido novamente por **María Mataró i Serrat**, Doutora en Psicoloxía e Profesora do Departamento de Psiquiatría e Psicobioloxía Clínica da Universitat de Barcelona.

Adiantamos que a Sección está traballando na programación da formación para o vindeiro ano, a cal estará centrada en grande parte na práctica da psicoloxía clínica infanto-xuvenil.

Lembrarvos que podedes dirixir as vosas suxestións á Sección de Psicoloxía Clínica do COPG sobre as temáticas para a realización de novos cursos.

## Grupo de traballo en psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico e pretenden extender o maior número posible de profesionais do campo clínico o uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control de calidade das nosas intervencións. As persoas interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora, **Marisol Filgueira Bouza**, a través do seu correo electrónico: [MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es](mailto:MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es)

## Xornadas da Sección

As XVI Xornadas da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebraranse os vindeiros 18 e 19 de novembro no Auditorio Municipal do Concello de Cangas (Pontevedra). Os Comités están formados por **Dolores González Cabaleiro** e **Estrela Gómez González**, Presidenta e Vogal no Comité Organizador e **Maximino Portela Freire** e **Irene Esperón Rodríguez**, Presidente e Vogal no Comité Científico.

Haberá un apartado para a presentación de pósteres. Os interesados e interesadas en presentar algún póster, poden consultar as bases para a presentación dos mesmos no apartado de forma-



ción interna da páxina web do COPG no enlace: [www.copgalicia.es/pdf/Saida\\_N\\_764.pdf](http://www.copgalicia.es/pdf/Saida_N_764.pdf).

Este ano as Xornadas celebraránse baixo o título “A práctica clínica”, e contará, ademais de conferencias e mesas redondas, con tres obradoiros sobre terapia integrativa, análise funcional e a abordaxe do Trastorno Límite de Personalidade (TLP).

### **Revista oficial da Sección**

Comunicámosvos que o vindeiro número do Anuario de Psicoloxía Clínica incluirá un apartado de casos clínicos. As persoas interesadas poden facernos chegar o texto para a súa publicación en formato word a través do enderezo electrónico do Colexio ([copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)), indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.

Os Anuarios publicados ata agora pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG no enlace:

[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40)

### **Actualización de datos dos membros da Sección**

A Xunta Directiva da Sección segue a actualizar a información sobre datos de contacto e perfís profesionais dos membros da mesma. Para facilitar este labor animámosvos a enviar os vosos enderezos de correo electrónico.



## **SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL**

---

### **II Xornada de Intervención Social e Terceiro Sector**

O pasado venres 17 de xuño celebrouse na sede do COPG a II Xornada de Intervención social e terceiro sector, coordinada por **David Facal Mayo**, Vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio.

A xornada deu comezo coa ponencia de **David Facal Mayo**, o cal realizou unha presentación do grupo de traballo do COPG sobre psicoloxía e terceiro sector en Galicia para posteriormente continuar con distintas intervencións nas que participaron como ponentes **M<sup>a</sup> Isabel Pérez Martínez**, Directora de Proxectos Sociais da Fundación Pedro Barrié de la Maza, e a cal destacou as necesidades da “nova pobreza” que xurden no noso contexto actual, describiu as axudas para gastos familiares e para formación para o emprego da fundación e destacou as fortalezas e debilidades das ONL na xestión de proxectos e equipos; **Marisa Visitación López Casero**, Coordinadora provincial de Cruz Vermella de Ourense, a cal describiu a labor técnica e a actividade xerencial dos/as profesionais da psicoloxía nas asociacións; **Carmen Guillín Gendre**, Presidenta da Asociación de Parkinson Compostela (ASPAC), a cal centrou o seu relatorio na experiencia da creación desta entidade e o seu efecto no apoio social obxectivo e percibido; e por último **José Luis Santos-Ascarza Bacariza** e **Ignacio Vázquez Rodríguez**, ambos membros do grupo de traballo do COPG sobre psicoloxía e terceiro sector en Galicia, os cales finalizaron a xornada presentando unha serie de conclusións sobre o tema.



Momeno da Xornada

## Formación

O sábado 1 de outubro celebrábase o Seminario Galego de Intervención Social. A temática a tratar enmarcarase en tres grandes áreas: Inclusión social; familia e infancia; e envellecemento e dependencia.

Pola mañá levaranse a cabo unha serie de conferencias sobre as áreas mencionadas anteriormente e pola tarde terán lugar uns obradoiros para propiciar unha intervención máis participativa de todos/as os/as asistentes. Para rematar darase lectura ás conclusións obtidas no transcurso do seminario. Estará destinado a estudantes e profesionais e celebrábase na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Ese mesmo día tamén se levarán a cabo a Asemblea Anual de Socios/as da Sección e a celebración das eleccións a Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

---

### Actividades da Sección PTO

Estanse planificando diversas actividades que terán lugar a partir do vindeiro mes de setembro.

- Curso sobre mediación e xestión de conflitos, que se desenvolverá a través de distintos obradoiros.
- Sesións informativas para o alumnado da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que abordarán distintos aspectos relativos a campos de actuación profesional.
- Creación dun grupo de traballo en “Saúde ocupacional” para impulsar a investigación, identificación de boas prácticas para promocionar a saúde laboral e crear cauces de colaboración e asesoramento para programas de formación.

Sobre o particular remitirase a información oportuna sobre cada actividade.

## Proceso de inscrición na División PTORH

O proceso de inscrición para ser membro ordinario da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos segue aberto. Na páxina web do COPG podes atopar a información que se emitiu nos últimos meses.

O citado proceso de inscrición debese realizar a través da páxina web do Consejo General do COP [www.cop.es/ptorh](http://www.cop.es/ptorh).

## Programa dirixido a profesionais de recursos humanos


Recentemente púxose en funcionamento o “Programa avanzado de xestión internacional de Recursos Humanos”. Un programa eminentemente práctico, cunha visión transversal sobre a xestión das persoas e os seus aspectos laborais. Pon énfase no proceso de internacionalización das empresas e a xestión de expatriados/as e as políticas de compensación.

Máis información: ie business school <http://www.execed.ie.edu/psuperiores>

## Revista PTO

Queda arquivada para a súa consulta un novo número da revista de psicología de traballo e das organizacións (abril 2011). Nesta ocasión os artigos abordan temas relacionados coa responsabilidade social corporativa, satisfacción laboral, aprendizaxe en equipos virtuais de traballo, liderazgo transformacional, toma de decisións e a entrevista estruturada.

Consulta e información: [www.copmadrid.org](http://www.copmadrid.org)





## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

---

### Formación

Para o mes de setembro tense previsto levar a cabo a celebración de dous cursos:

- O venres 2 de setembro, terá lugar na sede do COPG en horario de 16.00 a 21.00 horas un novo curso de formación interna a cargo do noso compañeiro da sección **Juan Carlos Prados Moreno**. Este curso que levará por título “Intervención con vítimas de violencia de xénero”, estará destinado só aos socios e socias da Sección, e será de contido teórico e práctico co obxectivo de dotar aos/as asistentes de coñecementos específicos para o traballo na área de xurídica neste tipo de casos.
- Os días 16 e 17 de setembro terá lugar o Curso “Periciais en temas de familia”, o cal fará fincapé na problemática concreta destes casos e especificamente tratarase de determinar os casos en que é recomendable a custodia compartida. Como convidado especial contaremos coa presenza de **Vicente Ibáñez**, Psicólogo con ampla experiencia neste tipo de casos e que traballa nos Xulgados de Madrid. Tamén contaremos como docentes con **Mª Ángeles Catalina Benavente**, Profesora Dra. de Dereito Procesal da Universidade de Santiago de Compostela, a cal nos introducirá na mesa redonda que versará sobre o tema dos diferentes tipos de informes, de parte ou xudicial, e a súa función dentro do procedemento xudicial, para continuar con **Emma Diéguez Teijeiro**, Psicóloga do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) de Vigo, e **Pilar Fernández Pérez**, Fiscal dos Xulgados de Santiago de Compostela, entre outros profesionais. Con esta mesa redonda preténdese formular as dúbidas e problemas que xorden na actualidade no traballo como psicólogo/a dentro do sistema xudicial, tratando de chegar a solucións e de que entre todos/as acheguem as nosas ideas para mellorar o que facer profesional de todos/as, sa-

bendo defender os nosos intereses e a nosa profesionalidade, centrándonos en concreto nos casos de familia e de custodia compartida, que será a temática do sábado.

Esta primeira parte do curso de formación, que consiste na mesa redonda da tarde do venres, vaise ofrecer de forma gratuíta a todos/as os/as peritos/as que forman parte do listado do COPG, como parte de formación gratuíta e obrigatoria que a Sección de Xurídica debe ofrecer aos/ás mesmos/as. Os/As asistentes que desexen asistir ao resto do programa formativo que se desenvolverá ao longo do sábado terán un prezo especial e diferenciado por ser membros do listado de peritos/as.

### Listado de psicólogos/as peritos/as

Comentar que estamos a traballar na actualización do Regulamento da quenda de oficio desde a Xunta Directiva da Sección, e os resultados das achegas que se fagan presentaranse na vindeira Asemblea de Socios/as da Sección, para que entre os/as asistentes se aproben ou non as modificacións propostas.



### XURÍDICA

#### D. Pedro Trepát Silva

Tfno.: 981 597 611

[Xoves de 16.30 a 20 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas

a través do fax: 981 595 240 ou da páxina

web: [www.trepataogados.com](http://www.trepataogados.com)

apartado de consultas on-line



### FISCAL

#### D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9 a 13 horas]

## GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

### Xornadas de concienciación

O 7 de maio dou comezo o segundo grupo das “Xornadas de Concienciación” que se celebraron en Santiago de Compostela. Neste caso contouse cun total de 18 participantes con penas relacionadas coa seguridade vial. Foron coordinadas por **M. Jesús Sánchez Peteiro** e **Eva Muíño Gómez**, membro e coordinadora respectivamente do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, e actuando como observadores **María Cinta Librero Escala**, membro do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG e **Alejandro Soares Diz**, estudante do prácticum da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

### Sesión formativa

O 30 de abril celebrouse unha nova sesión formativa do Grupo baixo o título “**Determinantes psicolóxicos das condutas de risco ao volante**”, impartida por **Beatriz González Iglesias**, Investigadora do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta sesión formativa, que se encadra dentro do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o COPG, centrouse en analizar aquelas variables que inflúen na conduta de risco dos conductores e conductoras e inciden na aparición de siniestralidade.

Foto da esquerda:  
M. Jesús Sánchez Peteiro  
e M<sup>a</sup> Cinta Librero Escala

Foto da dereita: Momento  
da Sesión formativa



## Xornadas de Tráfico e Seguridade

O vindeiro 26 de novembro vanse celebrar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela a II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e a Seguridade "As persoas, factor decisivo". Pretendemos realizar un foro de encontro e reflexión sobre a seguridade e a educación vial, e compartir novas liñas de planificación e actuación en investigación, prevención formación e intervención, tanto con profesionais da psicoloxía como institucións, organismos e organizacións relacionadas con estes ámbitos.

O Comité organizador está composto por **Eva Muíño Gómez, Eduardo Anoeta Rodríguez, M. del Pilar Casal Devesa, M. Jesús Sánchez Peteiro, María Mariño Barca, Rosa María Domínguez Cameán, Carlos Gestal Gestal e Juan Manuel Bonome Rodal**, todos eles membros da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG; e o Comité Científico está composto por **José Luis Domínguez Rey**, Coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, e **M. Pilar Casal Devesa e Eva Muíño Gómez**, membro e Coordinadora respectivamente do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG.

Os membros da coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade estan a ultimar os últimos detalles para poder enviar a todos os colexiados e colexiadas a información correspondente a estas xornadas, que levaran por título "As persoas, factor decisivo", dentro da "Década da seguridade". Contaremos cunha conferencia inaugural, cunha mesa redonda na que participaran representantes de diferentes institucións públicas e privadas e presentaranse diversos estudos relacionados coas aplicacións da psicoloxía nos ámbitos do tráfico e a seguridade, así como unha comunicación con datos da seguridade vial en Europa. Como xa se informou mediante escrito a todos os colexiados e colexiadas, pódense enviar ao Colexio as propóstas para a presentación de pósteres nas xornadas. Podedes atopar máis información no apartado de formación interna da páxina web do Colexio no enlace: [www.copgalicia.es/pdf/Presentacion\\_posteres\\_II\\_xornadas\\_galegas\\_de\\_psicoloxia\\_do\\_trafico\\_e\\_seguridade.pdf](http://www.copgalicia.es/pdf/Presentacion_posteres_II_xornadas_galegas_de_psicoloxia_do_trafico_e_seguridade.pdf)



## AVISO

Aqueles/as colexiados/as que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as poden contactar coa Administración do Colexio.

## Informacións

Tal e como se informou na última reunión do Grupo de Tráfico e Seguridade, todos aqueles psicólogos e psicólogas que queiran traballar nun centro psicotécnico calificados como centros sanitarios, terá que xustificar unha formación específica de 400 horas e 100 horas de prácticas (só no caso de non optar na carreira de Licenciatura en Psicoloxía pola opción de clínica), tal e como queda determinado na Lei 5/2011 de Economía Social na súa disposición adicional sexta.

Ao respecto dicir, que cada quen que precise deste procedemento revise o seu currículo sumando todos os cursos específicos que teñan realizados. Aconséllase mirar todas as opcións que hai no mercado para realizar dita formación, incluso on-line. Neste mesmo sentido, informaron na reunión de Área de Tráfico do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos do Estado, celebrada en Madrid, do máster a distancia que ten previsto organizar a Universidade de Valencia.

## AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os/as colexiados/as poidan insertar anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alégase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m<sup>2</sup> na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

## A imparcialidade nos informes periciais

“Informes psicolóxicos en entredito: A loita das nais e pais por conseguir a custodia das súas fillas e fillos provoca que cada vez se cuestionen máis os peritaxes e dictames dos profesionais da psicología”.


Así rezaba un titular no Diario de Tarragona.com do pasado mes de maio. E non é só que se “cuestionan” as peritaxes e dictames dos/as psicólogos/as, senon que cada vez con máis frecuencia interpóñense queixas e denuncias contra informes periciais elaborados, principalmente, desde a práctica privada.

É esta unha cuestión preocupante que nos leva a reflexionar e a valorar a importancia dun dos conceptos clave no traballo e elaboración dos mencionados informes e que ven a ser un dos aspectos que os/as denunciante consideran máis vulnerado: A imparcialidade, entendendo ésta como a “falta de designio anticipado ou da prevención a favor ou en contra de persoas ou cousas, que permite vulgar ou proceder con rectitude”.

A conflictividade e dificultades de relación entre as partes litigantes nos procesos nos que a loita é pola garda e custodia dos/as menores, fan moi difícil, cando non imposible, a accesibilidade, cara unha valoración, á parte contraria á que acude solicitando a elaboración dun informe. Aínda así, o/a profesional debe ter presente a necesidade da obxectividade na obtención dos datos que, posteriormente, reflexe nas súas conclusións. Compre lembrar, neste sentido, as recomendacións que desde a Coordinadora Estatal de Psicología Xurídica, fan nas Guías de Actuación en Psicología Forense en relación co tema que nos ocupa:

- Terán especial coidado en evitar nos seus métodos e procedementos influencias non pertinentes, como as que poidan recibir das partes, valorando os datos desde todas as perspectivas razoables e hipóteses alternativas.
- Absteranse de facer valoracións sobre persoas non avaliadas directamente, intentando levar a cabo ditas avaliacións cando se considere preciso, co acordo dos lexitimamente afectados/as ou solicitándollo o xuíz competente, en particular cando se trate de menores. Se pese ao esforzo resultase inviable, reflectirán nos seus resultados as posibles limitacións do seu estudo.

## COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



**ÚLTIMOS/AS  
COLEXIADOS/AS  
DE GALICIA**

G-1297	Vázquez Peña, Eva
G-4377	Virgós Rodríguez, Clara
G-4378	Carril Lombardero, Olalla
G-4379	Cerqueira González, Catherine
G-4380	Rodríguez Vázquez, Paula
G-4381	Jiménez Rivero, José
G-4382	Rodríguez Alonso, Fernando José
G-4383	Santiago López, José Francisco
G-4384	Bugallo Carrera, César
G-4385	Ayude Couto, María del Mar
G-4386	Ríos Fernández, Hortensia María
G-4387	Valencia Pereira, Xavier
G-4388	Villar Costas, Samuel
G-4389	Vila Franco, Montserrat
G-4390	Costas Mariño, Diego
G-4391	Ramos Goicoa, Marta
G-4392	Castro Casal, María del Rocío
G-4393	Pérez Rodríguez, Uxío
G-4394	García Rivero, Estefanía
G-4395	Fernández de la Cigoña Fraga, Elena
G-4396	Barreiro Couto, Carmen
G-4397	Lamas Gesto, Carmen
G-4398	Castro Eiroa, María Ángeles
G-4399	López Fernández, Ana M <sup>a</sup>
G-4400	Torrado Tarrío, Cristina
G-4401	Sanjurjo Luaces, Tania
G-4402	Colmenares Díaz, Miguel Ángel
G-4403	Varela Rodríguez, Mar

## CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

### Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

### CURSO "FORMACIÓN EN NEUROPSICOLOXÍA: DEMENCIAS"

*Datas:* 9 e 10 de setembro de 2011

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Docente:* María Mataró i Serrat

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira,10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: [copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)

Web: [www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)

### II XORNADAS GALEGAS DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E SEGURIDADE "AS PERSOAS. FACTOR DECISIVO"

*Data:* 26 de novembro de 2011

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza e informa:* Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira,10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 534 049

Fax: 981 534 983. E-mail: [copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)

Web: [www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)

### CURSO DE FORMACIÓN EN TERAPIA GESTALT (170 horas)

*Datas:* do 12 de novembro de 2011 ao 21 de outubro de 2012

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Docentes:* Ramiro Díaz, Rosa Gaztelumendi e Esther Beitzegui

*Organiza e informa:* PAÑÑA. Psicoloxía humanista. Escola de formación en terapia gestalt. Avda. de Lugo, 209-Entrechán.

15703 Santiago de Compostela

Tfnos.: 981 941 951 / 656 397 742

E-mail: [cpsgestalt@yahoo.es](mailto:cpsgestalt@yahoo.es)

Web: [www.gestaltgalicia.es](http://www.gestaltgalicia.es)

### XVI XORNADAS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA DO COPG "A PRÁCTICA CLÍNICA"

*Datas:* 18 e 19 de novembro de 2011

*Lugar:* Cangas

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira,10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: [copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)

Web: [www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)

#### ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR PSICOSOM

Federico Tapia, 43-2º Esq. 15005 A Coruña  
Tfno.: 981 919 109

#### CURSO DE CONSTELACIÓNS FAMILIARES SISTÉMICAS

*Datas:* de setembro de 2011 a xullo de 2013  
*Lugar:* A Coruña  
*Docentes:* Peter Bourquin, María Colondrón  
e Carmen Cortés

#### MÁSTER EN PSICOTERAPIA EXPERIENCIAL

##### 1. ESPECIALISTA EN PSICOTERAPIA DE ORIENTACIÓN CENTRADA NAS PERSOAS

*Datas:* de outubro de 2011 a xuño de 2013  
*Lugar:* A Coruña  
*Docentes:* J. Mª Herrera, García Monje,  
José Burdiel e Pilar Abeleira

##### 2. ESPECIALISTA EN PSICOTERAPIA DE ORIENTACIÓN GESTÁLTICA (TEÓRICO-PRÁCTICO)

*Datas:* de outubro de 2011 a xuño de 2012  
*Lugar:* A Coruña  
*Docentes:* J. Mª Herrera, García Monje,  
José Burdiel e Pilar Abeleira

#### CURSO DE FORMACIÓN EN TERAPIA FAMILIAR

(Nivel básico: 200 horas; Nivel avanzado: 400  
horas; Nivel supervisión: 100 horas)

*Datas:* do 1 de outubro de 2011 ao 30 de xuño  
de 2012  
*Lugar:* A Coruña  
*Docentes:* Áurea Losada Quinteiros e María  
Pienso Linares  
*Organiza e informa:* SISTEMA, Centro de  
terapia familiar  
San Andrés, 35-1º Dta. 15003 A Coruña  
Tfno.: 981 221 255  
E-mail: sistema@cop.es  
Web: www.centrosistema.com

#### CURSO DE FORMACIÓN PROFESIONAL EN TERAPIAS GRUPAIS E PSICODRAMA (150 horas)

*Datas:* 1º e 2º nivel: do 22 de outubro de 2011  
ao 2 de xuño de 2012; 3º nivel: do 29 de  
outubro de 2011 ao 9 de xuño de 2012  
*Lugar:* Coruña-Pontevedra  
*Docentes:* Marisol Filgueira Bouza, Luis Ferrer  
i Balsebre e Manuel Castro Soto  
*Organiza e informa:* Instituto de Técnicas de  
Grupo de Psicodrama de Galicia (I.T.G.P.G.)  
Tfnos.: 986 842 005 / 981 178 174  
Ext. 293109  
E-mail: pontepsicodrama@gmail.com /  
mc.soto@telefonica.net / MA.Soledad.Filgueira.  
Bouza@sergas.es

#### XXVI REUNIÓN NACIONAL DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PSICODRAMA

*Datas:* 7, 8 e 9 de outubro de 2011  
*Lugar:* Santander  
*Coordinan:* Carlos Mirapeix Costas e Marisol  
Filgueira Bouza  
*Organiza e informa:* Asociación Española de  
Psicodrama  
Ibañez de Bilbao, 10-1º Dta.  
48001 Bilbao. Bizkaia  
Web: www.aep.fidp.net

#### I SIMPOSIO NACIONAL "PSICOLOXÍA CLÍNICA E DA SAÚDE CON NENOS/AS E ADOLESCENTES. TRATAMENTOS EFICACES EN TERAPIA PSICOLÓXICA INFANTO-XUVENIL"

*Datas:* 17 e 18 de novembro de 2011  
*Lugar:* Elche  
*Organiza e informa:* Universidad Miguel  
Hernández  
Web: http://psicologiainfantil.umh.es

**I XORNADAS INSTITUTO DE PSICOLOGÍA  
APLICADA (IPSIA)**

*Datas:* 4 e 5 de novembro de 2011

*Lugar:* Badajoz

*Organiza e informa:* Instituto de Psicología  
Aplicada (IPSIA)

Tfnos.: 924 314 131 / 607 080 115

Web: [www.ipsia.es](http://www.ipsia.es)

**XV XORNADAS DA ASOCIACION DE  
PSICOTERAPIA ANALÍTICA GRUPAL (A.P.A.G.)**

*Datas:* 7 e 8 de outubro de 2011

*Lugar:* Palma

*Organiza e informa:* Asociación de Psicoterapia  
Analítica Grupal (A.P.A.G.)

E-mail: [apagpalma@gmail.com](mailto:apagpalma@gmail.com)

Web: [www.apagnet.net](http://www.apagnet.net)

**VIII CONGRESO DA ASOCIACIÓN GALEGA  
DE SAÚDE MENTAL "SABER E TÉCNICA"**

*Datas:* 30 de setembro e 1 de outubro de 2011

*Lugar:* Ourense

*Organiza e informa:* Asociación Galega de  
Saúde Mental (A.G.S.M.)

Secretaría técnica:

Congrega

Rosalía de Castro, 13-1º Esq. 15004 A Coruña

Tfno.: 981 216 416. Fax: 981 217 542

E-mail: [secretaria@congrega.es](mailto:secretaria@congrega.es)

Web: [www.congrega.es](http://www.congrega.es)

# SERVIZOS A COLEXIADAS E COLEXIADOS

[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)

## PUBLICACIÓNS

- ❑ Circular Informativa
- ❑ Cadernos de Psicoloxía
- ❑ Papeles del Psicólogo
- ❑ Infocop
- ❑ Memoria

## PROFESIÓN

- ❑ Quenda Informes Periciais
- ❑ Privado. Solicitude atención psicólogos/as
- ❑ Publicidade
- ❑ Distribución de ofertas formativas

## EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

## FONDOS DOCUMENTAIS

- ❑ Servizo de biblioteca (COPG)
- ❑ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC
- ❑ PSICODOC

## INTERNET

- ❑ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ❑ Páxina web do COPG

## INFORSIGA

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

## FORMACIÓN – EMPREGO

- ❑ Programa formativo anual COPG
- ❑ Información laboral
- ❑ Información de convocatorias de oposicións

## ASESORÍAS

Servizo gratuito de consulta para colexiados/as de asesoría fiscal e xurídica

## AXENCIA C&G VIAXES

- ❑ Desconto 5% en viaxes aos/ás colexiados/as
- ❑ Fraccionamento na forma de pago

## CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- ❑ Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- ❑ Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

## MAPFRE Caja Salud

- ❑ Seguro de Asistencia Sanitaria para colexiados/as e familias
- ❑ Seguro de vida/accidentes MAPFRE

## INSTALACIÓNS DO COPG

- ❑ Disposición das instalacións do COPG para exposicións e actos



Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

D.L.: C 264-2008

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@cop.es  
www.copgalicia.es

**Membro da EFPA**  
Federación Europea de Asociaciones  
Profesionales de Psicólogos

## HORARIO

### **Inverno**

De luns a xoves de 9 a 14 horas  
e de 16 a 21 horas, e os venres  
de 9 a 14 horas

### **Verán**

Do 1 de xuño ao 15 de xullo  
De luns a venres de 8 a 15 horas,  
martes de 17 a 21 horas  
Do 16 de xullo ao 31 de agosto  
De luns a venres de 8 a 15 horas  
Do 1 ao 30 de setembro  
De luns a venres de 8 a 15 horas,  
martes de 17 a 21 horas